

O enxobre maestro galego

XAN MONTES

SONETO

Montes e os seus orfeões na poesia do seu tempo

O sacro che deron de xuntares
‘Os remores que gardan os pinares’
O cantar harmonioso d’ os silgueiros?

¿Quén ch’ inspira eses cantos feiticeiros
Que ritatan tan ben nosos penares,
Ou qu’ asomellan d’ os leixanos mares
Os ecos qu’ hastra nós chegan tristeiros?

Mais ¿á que perguntar cando conozo
O terro amor que sempre lle mostraches
‘A terra en que naciches, dende mozo?’

Fernando G. Jácome
Lugo, abril de 2019

Por ese amor sin trégoa traballaches
Y o pobo que te quere ve con gozo
N-a tua frente os laurés que conquistaches.

AMADOR MONTENEGRO.

Vigo, Setembre de 1890.

Montes e os seus orfeões na poesia do seu tempo

Introdução

Não é um facto mui conhecido, na ainda escassamente conhecida biografia de J. Montes, que poetas ilustres como Pondal, Leiras Pulpeiro ou Aureliano J. Pereira, por citar alguns deles, escreveram poesias dedicadas ao nosso músico.

Além do uso que Montes, como compositor, fez da obra dos poetas do seu tempo como material sobre o que criar as suas obras: Rosalia de Castro para as baladas "Doce sono" e "Negra sombra", Aureliano Pereira para as baladas "Lonxe da terriña" e "O pensar do labrego", a cena coral "A sega", a moinheira "Maruxiña, se quiseres", o "Vals a la Venatoria", Curros Enríquez para a balada "Unha noite na eira do trigo", Salvador Golpe Varela para a balada "As lixeiras anduriñas", Segismundo Rois na pregária "El piélagos del mundo" e na mazurca "Delante de tu reja", Xesús Rodríguez López na moinheira "O bico", Isidoro Roso em "Una flor a María", etc... também os poetas da época de Montes se inspiraram na figura do célebre músico para as suas criações literárias.

Trabalhando como músico em diversos âmbitos, a figura de Montes pouco a pouco foi medrando e atingindo um maior reconhecimento tanto na sua cidade natal, Lugo, como fora da cidade e mesmo da região galega. Desde o seu primeiro prêmio como compositor, logrado em 1887 polo seu "*Te Deum*" para coro e orquestra num certame de composição celebrado no Escorial (Madrid) Montes, que para os lucenses era o fundador e ex-diretor da banda municipal e diretor do afamado *Orfeón Lucense* que conseguira tão soado prêmio no certame de Ferrol começou a ser uma figura a cada passo mais e mais querida e admirada. No ano de 1888 criou o *Orfeón Gallego*, com o que obterá fama e a glória dos laureados com as suas participações nos certames de orfeões de Santander e Bilbao no 1892, que o projetaram também como uma figura musical de relevo em toda España. Ademais como compositor recebeu também em Vigo no 1888 sendos prêmios por uma Aborada e um "Pasodoble". Entre 1887 e 1892 já levava conseguidos uma dúzia de galardões como compositor, e dado à sua cidade de Lugo a oportunidade, com cada prêmio, de festejar com orgulho o seu filho.

Com o presente trabalho trato de reunir as poesias que inspirou a genial figura do compositor J. Montes Capón. Além dos exaustivos trabalhos de Juan Baustista Varela de Vega (q.e.p.d.) sobre a vida de Montes e a sua relação com os poetas, aos que fazemos ralação na página web do Grupo vocal Solo Voces, apporto alguns datos e obras que ele ignorou, ou que lhe passaram inadvertidas, como as décimas que compôs Alfredo Brañas e foram recitadas em Santiago na velada celebrada em novembro de 1899, à morte de Montes, e que permaneceram ocultas durante 50 anos até que foram publicadas num jornal de Santiago de Compostela, e que de tê-las conhecido o esforçado biógrafo de Montes de seguro estaria encantado de poder incluir no seu trabalho "El músico Juan Montes y los poetas gallegos".

Nessa publicação o autor oferece a versão do poema de Leiras Pulpeiro tirada de "Manuel Leiras Pulpeiro: Poesía galega completa" identificando-a como a mais antiga edição, que data - se não estou errado- de 1984, entanto eu apporto a edição publicada pola imprensa lucense com motivo do primeiro cabodano de montes, no 1900, e mais a imagem da página da revista "Céltiga" de fevereiro de 1932 onde é publicado o dito poema. Do mesmo jeito identifica como versão mais antiga do poema de Pondal "À memória de Jan Montes" a publicada pola Real Academia Galega no 1935 quando no presente trabalho apporto a versão também publicada na imprensa lucense no mês de outubro de 1899.

Também, com ânimo de guardar fidelidade às fontes antigas, conservo o jeito que cada autor utilizou para verter em escritura o seu idioma galego, que na altura carecia de uma ortografia normalizada aceiteada no nosso país. É de interesse comprovar como cada autor resolvía questões fonéticas retorcendo e deturpando a ortografia castelhana na que se baseavam para exprimir a sua língua galega. Neste aspecto apenas corriji algum erro evidente.

Polo dito, sirva como complemento à obra de Bautista Varela de Vega.

1. Na veladas do *Orfeón Lucense* em Lugo no 1881

No ano 1879 Montes fundou o *Orfeón Lucense* a partir de uma agrupação de jovens cantores, criada no ano anterior, chamada a *Estudiantina*. O orfeão manteve-se ativo durante os primeiros anos da década de 1880. No ano de 1888 Montes, trás anos de inatividade do dito orfeão, funda uma nova sociedade coral chamada *Orfeón Gallego* com a que logrará novos triunfos, os mais importantes, com a sua participação nos certames de orfeões de Santander (1890 e 1892) e Bilbao (1892).

Na Páscoa de 1881 o *Orfeón Lucense*, que já levava um tempo sem deixar-se ouvir em Lugo, projetou celebrar uma velada musical e dramática no teatro da cidade, que se levou a cabo na segunda-feira 18 de abril. Para isso os orfeonistas contaram com a colaboração dos membros da seção de declamação da Sociedade *El Arte* e de alguns sócios, como **Aureliano Pereira** e **Federico de la Peña Ibáñez**, assim como com a orquestra do teatro, o que se resolveu na elaboração dum programa de música, poesia e teatro. As localidades foram vendidas na sua totalidade, e muitas famílias ficaram sem poder assistir ao evento. O programa desenvolveu-se assim:

Começou a orquestra com a sinfonia da ópera "*Zampa*" de Harold. O *Orfeón Lucense* entrou depois no cenário para estrear o coro a vozes sós "*El yunque*", de Adam. Os membros da seção de declamação da Sociedade *El Arte* representaram "*Acertar por carambola*" de Ildefonso Antonio Bermejo. Trás o teatro, um novo coro a cargo do orfeão, que cantou uma belíssima "*Melodía*" de Mendelssohn.

A segunda parte da velada abriu-se com o prelúdio de "*El anillo de hierro*" de Marqués, pela orquestra do teatro. De novo o orfeão, com um difícil coro de Thomas, "*El Tyrol*". Francisco de la Peña Ibáñez e Aureliano Pereira leram poesias originais deles, o primeiro deles, uma poesia dedicada ao *Orfeón Lucense*, e o segundo ao próprio Montes. A função rematou com o coro a vozes sós de Verdi "*Los bandidos*", polo orfeão.

Meses depois o orfeão celebrou uma nova velada lírico-poética no teatro, no 4 de outubro, com o fim de dar maior luzimento às festas de S. Froilão. O programa começou também com a orquestra do Teatro, interpretando a sinfonia de "*Othello*", de Rossini. O orfeão estreou uma nova peça do seu repertório, a melodia irlandesa de "*Martha*", de Flotow. Trás a música veio a leitura de poesias de Aureliano Pereira, umas décimas ao Arte, e um romance hendecassílabo de Federico de la Peña Ibáñez ao Orfeón. Depois Ramón Ulloa, pianista, tocou uma fantasia sobre "*I puritani*" de Bellini, e para pechar a primeira parte cantou o orfeão "*El Tyrol*".

A segunda parte iniciou-se com o preludio de "*El anillo de hierro*", pela orquestra, o coro a vozes sós de Eslava "*El amanecer*" e a leitura de poesias de Leonardo Mármol e Segismundo Rois. Depois com Montes ao piano acompanhando a Alonso no violino e Latorre na flauta soou uma "*Gran fantasia sobre D. Carlo*" de Verdi. A velada rematou com a "*Alborada*" de Veiga cantada pelo orfeão.

A XAN MONTES

Travesa o ser humano
o camino d 'a vida
sin atopar en él mais que petoutos
rabuñadas y-espiñas,
donde deixa da-yalma as esperanzas
que son o seu encanto e su 'alegria
Si á vida non tivese
algun ha nobre luz q'uesa fé viva
encendese n 'os peitos
non valeria á pena de vivila
D 'o seu orixen mesmo
o home despiadado renegaría
y 'o mundo fora entónces
pras almas crentes carcere sombrisa.
Mais brinda o Arte prácidos encantos
qu 'o espíritu feitizan,
e que do mundo fan o paraíso
de que fala á tradición divina.
Y 'o Arte será eterno, pois cal dixo
un poeta qu 'a todos causa invidia,
mentres luzan os ollos d 'as neniñas
é beba o corazón n 'as súas miradas
encantos e delicias,
namentres haxa un corazón n 'o mundo
que d 'outro corazón o latir sinta
e mentres haxa un alma que suspire
o eco d 'outra alma que suspira;
mentres haxa unha mae q 'os fillos ame
- ya 'as d' haber mentres o mundo exista,
mentres haxa cores, luz e almas
arte n 'o mundo habrá y habrá poesía
Felices y dichosos
os qu 'o Arte consagra a súa vida
e sinten n 'a súa mente cal rebule
á inspiración purísima.
E feliz e dichos ti que podes
alzar á fronte limpa
e presentar en noites com 'a d 'hoxe
a recibir o aplauso que che brindas
os que teu xénio alaban
a xuventú de Lugo feita artista.

Os vítores y 'os bravos deste pueblo
sempre serán pra ti de gran estima:
¡así estimes tamen o meu aplauso
Que sal d 'o corazón de quen t 'admira.

AURELIANO J. PEREIRA (18 de abril de 1881)

(Jornal EL DIARIO DE LUGO, 20 de abril de 1881)

AL ORFEÓN LUCENSE

¡Ah! Cuan grato resuena en mis oídos
El eco de esas mágicas canciones,
Que arrancan de los pechos conmovidos
Vítors mil y justos galardones.
Hoy renováis los lauros adquiridos,
A despecho de extrañas ambiciones,
En Ferrol, Pontevedra, y donde quiera
Que alzasteis vuestra incólume bandera.

— —

En pos de tanto triunfo lisonjero,
Cruza también los mares de la ciencia
Llevando la razón por derrotero
Y por fiel timonel a la conciencia.
Seguid, imperturbables, el sendero
A que trabao presta grata esencia;
Que si éste y la virtud forman un nudo
¿Dónde encontrar más poderoso escudo?

— —

¡Oh! Con cuanto placer hoy os admiro
Y en vuestra honrosa gloria tomo parte;
Ved que siempre, anhelante, seguí el giro
De vuestra historia dedicada al Arte.
Que jamás de la envidia el fiero tiro
Rompa, alevosa, el noble baluarte
Levantado, hoy por todos, de consuno...
¿Todos dije? ¡No hay tal, que falta uno!...

— —

Manuel Bojarte murió. Dejó este suelo
Sin pena casi, casi sin disgusto;
Lo que aquí se perdió, ganolo el cielo,
Pues con la fe vivísima del justo,
Entró en la Eternidad, rasgando el velo
Que oculta del Señor el Trono Augusto.
¡La Eternidad! Océano sin playa
Ante el cual la razón tiembla y desmaya.

— —

Yo le vi como yerto, moribundo,
Presa su pecho de mortal herida...

.....
Pero dejemos duelo tan profundo
Y volvamos al punto de partida,
Que en todos los negocios de este mundo
Va la muerte amasada con la vida.
Desapareció el amigo, pues lloremos.
La Sociedad nos llama: pues cantemos.

--
Sí, cantemos, que yo con rudo acento,
Humilde bardo del soberbio Miño,
También mis notas doy al leve viento
Y con vosotros canto, sin aliño.
Vuestros mis versos son: mi pensamiento
Vuestro también, y vuestro mi cariño:
Y porque tanto afán no sea vano
Dadme desde hoy el título de hermano.

FEDERICO DE LA PEÑA IBÁÑEZ (18 de abril de 1881)
(Jornal EL DIARIO DE LUGO, 20 de abril de 1881)

Al laureado Orfeón lucense

Sobre el dolor, la pena y la amargura
Que en el trasiego humano nunca faltan,
Vino vuestra gratísima armonía
A derramar un bálsamo de calma.
Lugo, Ferrol, Coruña, Mondoñedo,
Y la vieja ciudad que el Lérez baña
Aumentaron con vítores y aplausos
Los lauros arrancados á la fama.
Por eso yo, vuestro constante amigo,
Vengo a turbar, quizás, esta velada,
Con las margas notas de mi lira
Que suena, como siempre, rota y áspera.
¿Pero cómo callar, cómo oponerme
Al férvido entusiasmo que me arrastra
Cuando paso estos ratos de ventura
Feliz, de vuestro canto con las galas?
Para alabar vuestro constante anhelo
No encuentro suficientes las palabras
Y me concreto en mi egoísmo pícaro
A demandaros una humilde gracia.
Si algún día feliz rueda mi vida
Tranquila como el pez vive en el agua,
Sin que turben los goces de mi pecho
Ni pena, ni dolor, ni amargas ansias
Venid, amigos, y con vuestros ecos
Completad las delicias de mi alma,
Pero, si en cambio, herido por la fiebre
De mi pupila la postrera lágrima
Rodase sin color, ni transparencia
Hasta perderse en la mejilla cárdena,
Trocando de este mundo las quimeras
Por la fría expresión de la mortaja
Entonces, como siempre, dulcemente,
Cantad sobre mi urna funeraria.
Los ecos de la voz son el meliflúo
Salen de vuestra armónica garganta
Modulando sin par, como la brisa
Modula su gemir en la enramada
Tienen el don de consolar al triste,

Dan calma certa á las heridas alamas,
Y vibran en mi mente placentera
Como vibra en el campo la campana
Cuando convierte el humo de las chozas
En puro incienso que á los cielos marcha.
Por eso, al dedicaros un recuerdo
Pídoos aquí, como preciosa gracia
Que si me veis feliz, con vuestras notas
Completéis las delicias de mi alma,
Y si llevo á morir, que dulcemente
Cantéis sobre mi urna funeraria.

FEDERICO DE LA PEÑA IBÁÑEZ (4 de Octubre de 1881)

(Jornal EL DIARIO DE LUGO, 9 de outubro de 1881)



Retrato de Montes aparecido no número 50 do Semanário "A Monteira",
no 13 de setembro de 1890

2. No Semanário “A Monteira” (1890)

O semanário A Monteira nasce no ano de 1889. O seu primeiro número vê a luz no 5 de outubro, dia da festa do padroeiro de Lugo S. Froilão. No seu número 35, do 31 de maio de 1890, publica o programa do certame literário e musical da Crunha organizado polo Orfeón Coruñes nº 4, que presidía Pascual Veiga. Dito certame invitava os compositores a pôr música para um hino regional galego cuja letra, escrita por Eduardo Pondal, aparecia publicada nas páginas 5 e 6 do dito número. Também saía publicada no semanário o texto de Salvador Golpe titulado "Adiós a Galicia" texto oferecido aos compositores contendentes para compor uma balada para canto (contralto ou barítono) violino e piano ou guitarra. Sobre este texto Montes compôs a balada "As lixeiras anduriñas" que obteve o primeiro premio.

Noutro número da Monteira, no mês de janeiro, o colaborador habitual Pepe das Festas escrevia uns ferretes rematando deste jeito:

Pra bom músico Xan Montes,
Pra semanáreo A Monteira,
E pra rapaz infeliz
Ninguen cal

PEPE D’ AS FESTAS

Com motivo do sucesso de Montes no devandito certame musical da Corunha -conhecido na cidade de Lugo através da imprensa a finais do mês de agosto de 1890- onde o compositor conseguiu três primeiros prêmios, e do sucesso no certame de orfeões celebrado em Santander, onde Montes conseguiu um honrosíssimo segundo premio com o seu *Orfeón Gallego*, o semanário lucense A Monteira saca um número especial no 13 de setembro (A Monteira, nº 50) dedicado a Montes. Ademais da publicação de um retrato do músico (do pintor Urbano González) e da partitura da balada premiada "As lixeiras anduriñas", o semanário oferece uns apontamentos biográficos e várias poesias de diversos autores e colaboradores do semanário.

Um dos autores foi **Eduardo Núñez Sarmiento**, autor duns versos que dedica “O eminente maestro músico D. Xoan Montes”. O diretor do semanário, **Amador Montenegro y Saavedra**, publicou un soneto "o enxebre maistro gallego Xan Montes". O autor dos textos da letra da Plegaria "El piélagu del mundo" premiada em A Crunha e da mazurca "Delante de tu reja" às que Montes pôs música, **Segismondo Rois**, também publicou uns versos. Outro autor foi **Bautista Varela**, quem usando copras humorísticas rende o seu homenagem a Montes em “Mais val tarde que nunca”.

Em números posteriores, 20 e 27 de setembro, aparecem novos signos do engenho lucense honrando a Montes em verso. No 23 de setembro publica A Monteira uns versos do médico **Xesús Rodríguez López**, amigo de Montes e autor da letra da mui célebre moinheira "O Bico", também conhecida como "Ai, Maruxiña". Estes versos vêm com a indicação de poderem ser cantados com a melodia da dita moinheira. No número 52, do 27 de setembro, aparece um poema assinado por **Pepe Raimúndez** dedicado "a Galicia e os seus orfeós" Montes no 1890 fizera 50 anos em abril e a su personalidade começava a explodir e ficar demasiado grande para uma cidade tão pequena.

O semanário A Monteira saiu por última vez no 27 de dezembro de 1890.

O EMINENTE MAESTRO MÚSICO DON XOAN MONTES

Xílgaro nado
n-o chan gallego,
rey d' os Thalías,
reisiñol tenro,
fillo d' os Dioses,
hirmán d' o Orfeo,
d' a nosa idade
novo Mendélshon,
¿queres fetizos?...
¿envexas prémeos?...
¿qué xa morreron
d' a pátreas os xéneos?...
¡Non! .. que esas luces
y-esos refrexos
y-esas fogueiras
déixannos cegos.
¡Non!... que xigante
eres n-o medeo
d' os mais xigantes
d'o mundo céltico.
Dígao Paláceos,
dígao Pacheco,
repítao Veiga,
Chané, ó d' o *Eco*.
y os Adalides,
e Montenegro.
¿Eres tí acaso
d' o mundo enxemplo
que curbe, en troques,
o chan ibero,
o mais devino
ó mais espréndido
que soña música,
que canta rezos?
Eres ti Montes...
eres ó deño,
ou con el pauto
tés, por sopoesto.
Pois, d' o contrareo,
á fé, non vexo,
como recolles,
non un *Te Deo*,

senón un feixe
de cantos meigos,
cascadas d' ouro,
lumes alcesos,
chuvia d 'alxófres,
qu' o espazo imenso
curzan, as nubes
brancas fendendo;
e pouco á pouco
maino e con tento
van ôs oídos
qu' un canto anxéleco
dando mil trovas,
mil pensamentos,
mil apraudidas
notas d' os xéneos,
¡ qu' é un paradiso
chan gallego!
Branco luas,
rayos de Febo,
brandos celaxes,
rápetos ventos,
susurros debles
d' os ameneiros,
berros d' o moucho
tral-os penedos,
d' a escura pomba
arrulos tenros;
todo recolles...
os teus alentos
van pregonando,
e van caendo
sobre d' os homes,
qu' os patreos eidos
aldraxan sempre
d' o mundo céltico,
cal un chuvasco
que ven de lexos,
envolto en copras
d' os nosos xéneos,
que din tremando
d' argullo cheos:
- «¡Calade! ... os Montes
n-o chan gallego
son os máis ricos

quizais... en xéneos»
¿querés palpalo?
¿queredes vélo?
¿dudás acaso?
Vind' a un outeiro,
baixade logo
con paso lento
e cando todos
alí cheguemos
eu, certamente,
logo direivos:
«Mirade a cume
qu' está moy lexis,
vede qu' os Montes
tocan ôs ceos.»

EDUARDO NÚÑEZ SARMIENTO (A Cruña, setembro de 1890)
(Semanário A MONTEIRA, 13 de setembro de 1890)

‘O enxebre maistro gallego
XAN MONTES

SONETO

¿Que máxicos subrimos, que agoreiros
O sacreto che deron de xuntares
'Os remores que gardan os pinares
O cantar harmonioso d' os silgueiros?

¿Quén ch' ispira eses cantos feiticeiros
Que ritratan tan ben nosos penares,
Ou qu' asomellan d' os leixanos mares
Os ecos qu' hastra nós chegan tristesiros?

Mais ¿á que perguntar cando conozo
O tenro amor que sempre lle mostraches
'A terra en que naciches, dende mozo?

Por ese amor sin trégoa traballaches
Y-o pobo que te quere ve con gozo
N-a tua frente os laurés que conquistaches.

AMADOR MONTENEGRO (Vigo, Setembro de 1890)
(Semanário A MONTEIRA, 13 de setembro de 1890)

‘O MEU QUERIDO AMIGO O LAUREADO MUSECO

D. XAN MONTES CAPON

Tranquilo n-o berce dormias: un ánxel
Mais branco qu'a neve, de páleda faz,
 Con ollos que tiñan
 O brilo d'o xénio
 E dulce mirar,
 Tua frente serena
 Rozóu c'as suas aas.
Producindo un remor cal de brisas
Que ledas reloucan n-o verde pinar.

—
Sonriuch' amoroso, con esa tenrura
Con qu' a seus filliños sorríe unha nay:
 Con moito agarimo
 Bicoute n-a frente,
 Y-en ela brilar
 Veus'ô mesmo tempo
 Leve craridá...
E tornóu á surrirch' e largouse
Sacodindo súas nítidas aas.

—
D'o ánxel garrido qu' amant' arroloute
Y-o xénio infundiuche, razón non te dás:
 Visión foi ou sono
 Alegre, fantásteco
 De tenro rapáz,
 Duróu un momento,
 Unha hora cicais,
E fuxíu, cal as sombras d'a noite.
Ante á luz d'a nacente mañá.

—
Mais n-a frente o sello quedouche d'o bico:
Marcados en ela os beizos están
 D'o bello anxeliño
 Mais branco qu' a neve
 E páleda faz;
 E como d' un ánxel
 Sinalado estás,
E son eles de Dios instrumento,
Algo en ti hay qu' é don celestial.

Por eso n-a múseca os sones qu' arrancas
D' estrano algo teñen, d'o ceo sinal;
 Y-é que sin lembrarte
 D' o bico amoroso
 Que númen ché dá,
 Remedas d'o ánxel
 O roce d'as aas,
Producindo un remor cal de brisas
Que ledas reloucan n-o verde pinar.

SEGISMUNDO RÓIS (Lugo, Setembre de 1890)
(Semanário A MONTEIRA, 13 de setembro de 1890)

MAIS VAL TARDE QUE NUNCA

Regresóu Montes c'o seu
manífic' *Orfeón Gallego*
d' o póbo de Santander
ônde foi buscar loureiro.

—
'Os xôves orfeonistas
cada ramallo lles deron
qu' efeuto de pesár móito
non foi posibre traguelo.

—
A Montes (según m'esquirben),
as nenas de mais *salero*
com' o viron tan bô mozo
seic' atrápalo quixerón...

—
¡Cá!... non me pescan agora
(dixo *Xán* pr' os seus adrentos),
mentras elas marmulaban:
¡Non ten mala pint' o merlo!

—
Y-en vareand' un pouco a frase
Veño a repitil-o mesmo:
¡Montes *non ten mala pinta*
anque x' é *paxaro vello!*

—
Pro refrendom' ô carauter,
millor ind-ô necemento,
fáltanlle bastantes anos
pr' poder chamarlle vello

—
E cand' est' éupoca chegue
d' irlle colgand' un babeiro,
goapas e garridas *xenbras*
ha d' alcontrar pra poñerlo...

—
...Y-eiqui para c'o retrato
d' o intelixente mayestro
pr' a falar d' os endevidos
que forman-o *Orfeón Gallego*.

Estes c' o gran director
segundo prémeo outuveron,
mais eu opino con moitos,
que ganaron o primeiro.

Y-unque non materealmente,
está en todol-os conceutos
qu' o noso *Galleg' Orfeón*
foi n-o Certam' o mayestro.

Pro soced' haber as veces
intringulis pol o médeo
d' algun qu' outro *presonaxe*
qu' en vez de xuzgar... ¡o vento!

En fin, qu' o nos' *Orfeón*
veu coroadado de loureiro,
con moita honr' e salú
qu' é o qu' a todos desexo...

E termino, que xá canso,
estes malisemos versos,
berrando con tod' a y-alma:
¡¡Viv' o nos' *Orfeón Gallego*!!

BAUTISTA VARELA BALBOA (Setembre de 1890)
(Semanário A MONTEIRA, 13 de setembro de 1890)

‘O LAUREADO COMPOSITOR GALLEGO
XAN MONTES (*)

Grórea á Xàn Montes o fillo de Lugo,
Grórea ô seu ome qu’ hoxe honra á Galicia,
Grórea ô que verte tal art-é delicia
De cote en total-as composiciós.
Grórea á qué sabe darll’ as *Alboradas*
Tan ledas notas e tan feiticeiras,
Grórea á quen fai componendo *Muiñeiras*
Brincar n-o peito os nosos corazós

N-as suas *Baladas*
Réspirase amor
Y-as *Pregáreas* suas
Ispiran fervor
Y-o Orfeón que ten
Dirixe tan ben
Que co-él nos certames
Non puido ninguén.

Solo por él, pra ispiarlle tod’ esto
Baixan as Musas ás beiras d’ o Miño,
Non berreis mais porqu’ el é moi modesto
e demasiado modesto.

Pois digámolo logo baixiño.
Berremos todos ¡que viva Xan Montes!
Total-as loitas viutóreas lle dan,
Trouxo pra Lugo novos hourizontes,
Porque prá múseca évos moito Xan
É moito Xan

El leva prémeos facend’ un *Tedeum*
El leva prémeos facendo *Baladas*
El leva prémeos facendo *Alboradas*
Y-en fera loita premeánll’ o Orfeón
Porqu’ o seu xénio é muy privilexiado
E puras sint’ as grandezas das artes,
Por eso premean en todál-as partes
As armonías d’ a sua inspiración

Por postreira vez,
Volvamos berrar
Que viva Xan Montes,
Antes de marchar.

XESÚS RODRÍGUEZ LÓPEZ (Lugo, Setembre 1890)
(Semanário A MONTEIRA, 20 de setembro de 1890)

(*) Esta poesía foi feita de maneira que se poda cantar c' o tono d'a muiñeira d' o Sr. Montes A Maruxiña.



‘A GALICIA

— —
y òs seus Orfeós.

I

A nosa terriña
De gozo relouca:
A santa Viudiña
Con doce risiña
Botóu lonx’ a touca
D’ indina viudés.

Que x’ acudiron merolos á bandadas
E silgueiros tamén e ruiseñores,
E mais suaves que doces trovadores
Cántanll’ á Diosa férvidas baladas
E tiranlle guirnaldas òs seus pes.

A santa Maiciña
Con doce faliña
Os dons ademite
D’ a sua casiña:
E n’ hay quen lle quite
Que soñ’ á Mamai.

Non soñas, non, Mamai d’ a nosa y-alma,
Qu’ é certo canto ves, y-o qu’ esperamos:
Inxenio e corazón che consagramos,
O noso brazo, d’ a viutori’ a palma...
Canto n-o teu confin garrido hay.

A santa Velliña,
De gozo toliña,
Contar quix’ os nenos.
D’ a sua casiña,
y-hachóu pol-o menos
dous xebres millós;

Non capitás, pois serven en Castela;
Non ministros ¡vivíran os d’ os antontes!...
Os nenos de Chané, de Veiga e Montes
Ises son, ises son, prácida Estrela,
Os dinos fillos teus, os fillos bós

Aló n-a beiriña
Qu’ o Cántabro baña

Con doce faliña,
Con suave risiña
Dixéronll' á España:
«Galicia está aquí.»

Y-ô compás de concentos celestiales
Galicia apareceu: altivas xentes,
Qu' ô noso verde chan nunca indulxentes
Tiveron que dicir: «istes chavales
Proban ben que Galicia volv' en si. »

Desperta, Terriña,
Terriña graciosa;
Desperta, pombiña,
Mais quapa qu' a rosa:
Qu' a nosa faliña
Gloriosa se fai.

Non queiras capitás: téñaos Castela:
Nin menistros (¿Si foran os d' antóntes!)
Os nenos de Chané, de Veiga e Montes
Ises son, ises son, prácida Estrela,
Os dinos fillos teus, doce Mamai.

II

E ti, Sagrado Miño,
Que tan lento te vas pr' o Oucéano,
Comunica istas novas, meu Velliño
'As ondas, pra qu' as leven de camiño
'O imenso continent' americano.

PEPE RAIMÚNDEZ (Setembre 1890)

(Semanário A MONTEIRA, 27 de setembro de 1890)

3. No Semanário “Extracto de Literatura” (1893)

No "Semanario Dosimétrico Ylustrado" (assim mesmo figura na portada) "escrito por varios gallegos de buen humor" (idem) dirigido por Enrique Labarta, editado em Pontevedra, concretamente no su número 8 de 25 de fevereiro de 1893 aparece na primeira plana um retrato de Montes e este pequeno poema:

Es un músico excelente
muy simpático y modesto
y en sus cantos se trasluce
el amor al pátrio suelo;

que aboradas y muiñeiras
retozan en su cerebro
y todas las melodías
del repertorio gallego.

Hoy las auras populares
frescas arrullan el génio
del intérprete inspirado
del espíritu del pueblo.

ENRIQUE LABARTA

(Semanário EXTRACTO DE LITERATURA, 25 de fevereiro de 1893)

4. Na velada músico-literária de Buenos Aires (agosto de 1899)

À morte de Montes sucederam-se homenagens e veladas músico-literárias com o fim de honrá-la memória do maestro e de arrecadar dinheiro para a ereção dum monumento na cidade de Lugo.

No 26 de agosto de 1899, apenas dous meses depois do falecimento de Montes, leva-se a cabo a primeira destas veladas na cidade de Buenos Aires. Foi no teatro “Español” e promovida polo Orfeón Gallego Primitivo, em atenção às exortações exprimidas por Manuel Castro López desde o jornal “El Eco de Galicia”.

A velada, mui concorrida, começou com a interpretação da “*Alborada*” de Montes pola orquestra dirigida por Paz Hermo. Seguidamente a escritora Eva Canel leu um texto da sua autoria titulado “*Excursión musical dedicada al maestro Montes*” elogiando o músico. Trás isto, o coro cantou “*Churrusqueira*”. Pôs-se em cena o drama “*La Dolores*” de Feliú e Codina, volveu tocar a orquestra uns “*Aires galegos*” arranxados por Paz Hermo. Cantou de novo o Orfeón Gallego Primitivo, esta vez a obra “*Fora d’o niño*”, balada com texto de Conde Salgado e música de Egidio Paz Hermo.

Finalmente Luís Álvarez Lafuente recitou uma poesia do escritor galego, residente em Argentina, **Ricardo Conde Salgado**, que diz assim:

O CISNE MORTO

A memoria sagrada do ilustre maestro compositor galego Don Juan Montes

Aires d'a miña terra, ventos que reloucando
n'a espesa carballeira, xemendo n'o trigal,
runxindo entre d'as follas, n'os pinos asubiando,
ora, mainiños, ora, doentes por Nadal;
paxaros cantadores, d'as veigas alegría,
xílgaros, merlos, pombos, labercas e outros mil;
auguiñas donde as mozas refrescan a porfía
as rosas d'as meixelas, que envexan as do abril;
aires d'a miña terra, regachos, aves, fontes,
outeiros, veigas, froles do chan que me criou,
morreu a vosa fada, chorade, que, de Montes,
d'a lira as cordas d'ouro un lóstrego querbou.
A frente, en que do xenio o lume sacro ardera,
cinxida de loureiros, fervente de pasión,
de un lóstrego de morte o sopro, en branca cera
deixouna convertida, orfa de inspiración.
¿Quén do labrego, filio d'a nobre patria miña,
as coitas, alegrías, traballos cantará... ?
Do noso mal bendito, d'a céltica “morriña”,
¿quén layos e tristuras co-a lira calmará ... ?
¿Quén o esquencido nome d'a probe nai gallega,
en ondas de harmonías, traspondo ó seu confín,
espallará por fora, cal a canción d' "A Segá" ,
que vai, meiga, arrolando o berce en qu'eu nacín... ?
Mais non... Feliz de Montes que o mundo abandonando,
a Fama os catro ventos seu nome esparxirá;
feliz, porque n'a terra nativa, descansando,
d'ela o regazo morno os osos cochará.
Dichoso, sí, quen cerra, dentro do lar sagrado,
os ollos para sempre, anque non haxa pan;
quen morre, cheo, fora, é un morto desdichado...
os mortos tembran, penso, c-o frío do alleo chao.
¡Ou cisne de Galicia! Cal dino monumento,
d'a cova tua en torno, voen as oraciós,
os rulos d'as pombiñas, o sospirar do vento,
co-as cántigas doridas d'os patrios orfeós!!

RICARDO CONDE SALGADO (Villa Catalinas, agosto, 1899)

(Jornal EL REGIONAL, 30 de setembro de 1899)



Leiras Pulpeiro

N-a Morte de Montes

N'e Milagre que chores
e-qu'esteñas sotelando,
miña probe Suevia, sempre en pena
que anque afeita te leva o triste fado
a ver que dos teus fillos,
che vaya a negra morte agadañando.

Aquiles mais lanzales,
Mais erguidos, locentes y espigados,
Cando n-eles te revés
E son a tua gala e o teu regalo,
Si agora ver o dreito ti poideras,
E colexiras algo,
Y a prezar ben a perda te pararas
Möres foran teu dór e mais teu pranto,
De non dares en tola, ou n'apedares,
Cando morto o teu Montes ch'ensinaron,
Pois fría aquila testa.

Aquil seu brazo
Y atoad'aquil seu corazonciño,
Cen veces avalado
Pol-as tenras dozuras
Dos nosos vellos cantos,
E sempre esmorecido,
Non sendo n-o teu colo agarimándose
Non tés pra que catar si e que te chaman
Pra algunha nova xusta d'o traballo,
Nin quen faiga que lauden o teu nome,
Donde soilo laudados son os maños,
Nin quen seipa, amosal-o ceio aberto
Y a gloria de Dios darnos
Co-a roda de lugueses

Qu'él tiña o seu comando,
Co-ise estraño adimiro d'armunias
En qu'el puxo e se sinte concertado
Todo canto resurxe e canto s'ouza
Nos, sempre recedentes, nosos agros
Cando ven vindo o día
Tras d'unha noite escura e de zarzallo...
Porque naide com'él ten sentimento,
Nin dó escollido os rautos
Y ond'él sua mau puña
Deixaba de cote algo
Que tivera o segredo
De chegar hastra yalma e d'encantarnos;
Porque sempre os seus aires nos falaban
D'os contiños do escano;
Do rou rou con que, amantes, nosas vellas
Nos teñen anainado;
D'o enrabexo d'o mozo, si a meniña
Mais d'a conta lle fixo andar rondando; ;
D'os apertos das pícaras, n-a fonte;
D'as saudades d'a chouza;
D'o noso pequenino campo-santo;
Ou d'o souto d'os bolos,
Onde mais d'unha vez temos chinado,
Y onde todol-os mozos ali xuntos
Cantando y aturuxando cababamos

N'é milagre que chores, ña naiciña,
E qu'esteñas ainda sotelando
